

Així doncs, podem parlar sense embuts d'una obra bàsica per a comprendre el moviment de recuperació lingüística i cultural de finals del segle XIX a terres valencianes, l'anomenada Renaixença. Tot gràcies a un material, en conjunt, de notable interès documental i històric, i de gran utilitat, no sols per al coneixement de la història i del patrimoni paisatgístic i cultural del País Valencià, sinó també per a l'estudi del valencianisme cultural, del periodisme, de l'excursionisme i, com no, de la geografia humana i popular de l'època de la Restauració. Més d'un centenar d'excursions que, tal com ha assenyalat recentment l'escriptor Josep Piera al llibre *El somni d'una pàtria de paraules*, varen ser «ideades per a un coneixement millor del territori natural, històric i cultural dels valencians; o el que és el mateix, per a interioritzar la diversitat del paisatge, i la varietat del paisanatge, quant a costums, tradicions, parles, danses, músiques...».

Carles Fenollosa Laguarda
(Universitat de València)

Ogando, Iolanda & Tato, Laura (ed.): *Textos recuperados de Galo Salinas a Castelao*. A Coruña. Universidade da Coruña, 2012, ISBN: 978-84-9749-533-2.

Algúns libros parecen condenados a sentir só a ollada do erudito, tantas veces inxustamente sinalado como coleccionista de minucias. Acéptase, sen razón, que a publicación de textos do pasado só pode suscitar a curiosidade do arqueólogo, do historiador literario. Quizás por iso convén defender que todo libro é unha oferta ao lector, coa única condición de que este sexa un curioso, a ser posible un curioso impertinente. Por isto esta recensión quere ser fundamentalmente unha invitación, case unha provocación, á lectura, porque toda obra está sempre preñada de novas e novidades para un receptor atento e sensible.

Recuperar é un verbo fértil, cheo de matices, *recuperar* é devolver ao coñecemento de todos o que estaba perdido, agochado, esquecido pero *recuperar* é tamén «devolver a saúde», achegar sen as cicatrices dos ruídos comunicativos. O título pois, dá conta do labor das editoras, un labor culminado con pleno éxito.

O prólogo de Laura Tato ten a virtude de situarnos no lugar exacto para a observación, para achegarse ao texto. Sinala todas aquelas características e circunstancias precisas para entender o contexto, o mundo en que foi creado. Achega o dato erudito ben sexa este a relación do escrito con outros do mesmo escritor como acontece no *Proieuto de teatro galego ó xeito do da «chauve souris»* de Castelao, ou cos doutros autores como, por exemplo, en *O chufón, comedia dramática en dous actos* de López Castiñeiras¹, coa época, cos receptores, sexan estes os espectadores dunha representación, os destinatarios dunha

¹ Téñase en conta que esta obra non é senón a edición dun texto que serviu de base para a elaboración doutro e ten como intención mostrar a súa débeda.

carta, os lectores dun xornal... Pero esta contextualización non invade o patrimonio interpretativo, privilexio do lector. Este acaba por ficar sò diante do texto para poder gozar del.

As notas de Iolanda Ogando son un exemplo de precisión e concisión. Aportan unha necesaria información sobre a procedencia e a estrea dos textos, e sobre as variantes, se ben nalgunha ocasión podería convir unha maior explicación sobre o porqué da opción elixida. Tamén ofrece datos sobre algúns dos actuantes e seguramente haberá lectores desexosos de saber máis sobre algúns deles, como, por exemplo, Lois Amor Soto², —pouco coñecido polo gran público— pero son sempre enriquecedoras unhas notas que aínda que non nos sacien plenamente, teñen a enorme virtude de espertar curiosidades.

Pode sorprender que, en contra do sinalado no título: «De Galo Salinas a Castelao», as autoras sitúen o escrito do rianxeiro en primeiro lugar, pero esta decisión está plenamente xustificada polo feito de que non é unha obra dramática senón unha carta, mostra da ambición de Castelao por construír un teatro galego de calidade, homologable aos movementos europeos. Ademais ponnos na pista da orixe dalgunhas das súas obras posteriores, especialmente de *Os vellos non deben de namorarse* e dalgúns fragmentos de *Cousas*. Esta misiva ten a emoción, o sabor, de atoparse cun bosquexo, co encanto da idea primexenia.

Como é fácil de comprender, dezaioito obras pertencentes a once autores diferentes³ presentan características moi variadas, tanto no aspecto temático como formal, non obstante sinalaremos algúns dos aspectos comúns, dalgunhas características salientables...

1. As obras foron creadas cun destino diverso: a lectura (péñese sobre todo na versión do *Chufón* de López Castiñeiras), cuxo único obxectivo é unha aclaración de autoría), a presentación dun corocomo *O monólogo* de Balás Silva, a catequese *¡Inda non quero ser mico*, de Posse Rodríguez, a representación propiamente dita, etc.

2. Os temas son moi variados: a honra, unha Galicia tradicional e idealizada, a morriña, o retorno ou o desarraigo do emigrante, son os máis frecuentes pero tamén outros como a disputa do creacionismo e o evolucionismo, un partido de fútbol, o monólogo de presentación dun coro, o xornalismo, a defensa do teatro... Estendereime neste último aspecto porque quizás sexa a presenza recorrente de elementos parateatrais unha das características máis salientables destas obras. Aínda que cada unha delas é en si mesma, e pola súa propia natureza, unha defensa deste espectáculo, chama a atención a achega por veces irónica ao mesmo: «¿Hoxe vai sere comedia ou cine?» di un dos personaxes de

² Luís Amor Soto, autor dramático, foi secretario do coro «Toxos e froles» dende 1915 ata 1936.

³ Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Galo Salinas Rodríguez, Alfredo Fernández (Nan de Allariz), Emiliano Balás Silva, José Manuel López Castiñeiras, Salvador Cabeza León, Manuel Posse Rodríguez, Euxenio Charlón Arias & Manuel Sánchez Hermida, Xosé Ares Miramonte, Manuel Vidal Rodríguez, Manuel Rei Pose e Nin guén.

Copas e bastos de Salinas Rodríguez nun momento de mofa; e «Compadre, si más vale una función de teatro que vinte romarías de las nuestras»⁴. Apunta outro de ¡*Airiños...levaime a ela!* De Nan de Allariz En *Nocturno periodístico* de Sánchez Hermida prodúcese un divertido xogo, represéntase unha parodia das críticas teatrais dos xornais feitas sen convicción, benévolas por compromiso e, ao tempo, pídeselle ao público xenerosidade na crítica da obra que está a contemplar. Pero, quizás, o escrito máis parateatral sexa *Por mor do drama Minia ou furto, xuízo e sentenza* de Nan de Allariz pois o autor válese da aparencia dun xuízo por roubo, o realizar un eloxio da obra de Manuel Lugrís Freire: *Minia*.

3. Dende o punto de vista formal a grande maioría das obras teñen unha estrutura tradicional, respectan a regra das tres unidades: acción, espazo e tempo, algunhas mesmo parecen beber na estética do teatro grecolatino co uso do coro como en *Entre dous mundos poema dramático nun acto* de Salinas Rodríguez ou en *Camiño de vila* de Cabeza León. Convén, non obstante, sinalar dúas obras innovadoras ambas de Galo Salinas porque transcenden a máis estrita das tradicións. *Entre dous mundos* se ben é tradicional na presentación do escenario, un barco, o mesmo convértese nun símbolo pois está entre dous mundos: mar e terra, Galicia e América, a patria e a emigración, a pobreza e a riqueza, a soidade e o amor. En *Os meus amores*, Salinas vai máis alá, rompe o espazo escénico; o protagonista parte de entre o público, está situado entre el é mesmo na trama é parte del, para subir ao escenario e logo fai varias referencias aos espectadores cos que interactúa mesmo chamándoos polo seu nome e apelidos. Algo que no seu tempo resultaba moi innovador.

4. Se as obras son de interese para o amante da literatura non o son menos para o curioso da etnografía. Trátase de textos entre dous mundos: o tradicional, presentado ao xeito dun *locus amoenus*, e a modernidade, moitas veces hostil e alienante. Aparecen aquí e acolá datos sobre os cambios que se están a producir sobre todo pola aparición de novas tecnoloxías: o teléfono: «reparan no teléfono que sigue chamando» (*Os meus amores* (Salinas Rodríguez)), a electricidade: «E bule axiña, que dendes que trouxeron a eléutrica a este barrio de Santo Tomás montando os candís, a luz vai cara» (*Copas e bastos* de Salinas Rodríguez) ou «Y selebramos baile de sala que tienen rabia; con mucha lú eléctrica» (*¡Airiños, levaime a ela!* de Nan de Allariz) ; ou de novos costumes como os bailes que substitúen á muiñeira: «cuando uno se siñe a bailá con una de esa mulatica que tienen coquicola, y te mira con aquello ojaso brillandore que derrieten consomé, y la orquesta le mete candela y sigue el movimiento insinuante, ¡Ave María, negra, la gente s'entusiasma, se exata e patriotismo y «¡Arriba criollo!» grita todo e mundo. ¿Vedá nena?» (*¡Airiños...levaime a ela!* de Nan de Allariz), o cine: «¿Hoxe vai sere comedia ou cine?» (*Copas e bastos* de Salinas Rodríguez) ou o fútbol ao que se dedica toda unha obra paródica onde o prota-

⁴ Nótese que o uso do castelán é, na obra, unha caracterización do emigrante que abandona a lingua e o amor por Galicia, daquela esta afirmación está en boca do «malo», adquirindo así un sentido irónico.

gonista parece non comprender o que pasa: *Un match internacional de fútbol*⁵ de Rei Pose.

5. Quizá para o curioso das mentalidades é probable que o humor sexa o trazo que máis lle interese. Nestas obras é abundante pero os obxectos de mofa están moi afastados do que hoxe consideraríamos dignos de risa. A burla da violencia contra a muller ou do evolucionismo, poñamos por caso, están moi lonxe do sentir actual polo que é preciso deixarse anegar, provisionalmente polo espírito da época para poder enténdelo.

Textos recuperados. De Galo Salinas a Castelao non só amplía o repertorio de textos galegos a disposición de todos, non só nolos presenta saudables senón que ofrece ao curioso da Historia da Literatura e da Etnografía a posibilidade dun coñecemento máis preciso e, ao lector liberado de prexuízos e de espírito aberto algúns momentos de goce literario. Parabéns as autoras pola iniciativa e polo traballo ben feito.

Salvador Castro Otero
IES de Rodeira. Cangas do Morrazo
salvadorotero@yahoo.es

Zaldua, Iban, *Ese idioma raro y poderoso. Once decisiones cruciales que un escritor vasco está obligado a tomar*. Madrid: Lengua de trapo, 2012, 230 pp., ISBN: 978-84-8381-122-1.

El germen de este trabajo es una conferencia que Iban Zaldua impartió en algunos foros, entre ellos, Euskalkonplu, Encuentros sobre Lengua y Cultura Vascas en la Universidad Complutense de Madrid, en su segunda edición (año 2008). El título de la conferencia fue «Nueve decisiones (que un escritor vasco está obligado a tomar)». Zaldua, al convertir aquella conferencia en libro, ha incrementado en dos el número de decisiones.

Es este un ensayo raro y poderoso, escrito en castellano por un autor del cual se han traducido a esta lengua algunas de sus obras de ficción en euskera (*Mentiras, mentiras, mentiras; Porvenir*). También tiene producción escrita directamente en español (*La patria de todos los vascos; La isla de los antropólogos y otros relatos*; el cuento «Biografía», en la antología *Pintxos y otros cuentos*).

El libro está destinado a un público no vasco-hablante (a pesar de lo cual, el propio Zaldua, en la presentación del libro en Madrid, expresó su sospecha de

⁵ O enfrontamento entre equipos galegos e barcos británicos era frecuente, de feito o primeiro partido de fútbol do que se ten constancia na Península Ibérica celebrouse tamén en Vilagarcía o 26 de xuño de 1873 polos mariñeiros do buque inglés «Go-go» [DOMÍNGUEZ ALMANSA, Andrés (2009): *Historia social do deporte en Galicia 1850-1920*] Vigo. Galaxia.